

I. DISPOSICIÓN XERAIS

BANCO DE ESPAÑA

1182 *Circular 1/2014, do 31 de xaneiro, do Banco de España, a entidades de crédito, pola que se modifica a Circular 4/2004, do 22 de decembro, sobre normas de información financeira pública e reservada, e modelos de estados financeiros.*

A Lei 8/2012, do 30 de outubro, sobre saneamento e venda dos activos inmobiliarios do sector financeiro, establece que o Banco de España deberá determinar os activos aos cales, en 31 de decembro de 2013, se asignarán os saldos remanentes das coberturas sobre financiamentos relacionados coa promoción e construción inmobiliaria constituídas sobre riscos cualificados como normais en 31 de decembro de 2011, e correspondentes aos negocios en España, que non fosen posteriormente aplicadas como consecuencia dunha reclasificación como activos dubidosos, subestándar ou da adxudicación ou recepción de activos en pagamento de débedas.

Para iso, esta circular propón dúas categorías de activos aos cales, por razón da existencia de evidencias de deterioración, as entidades poderán asignar o saldo remanente. Como consecuencia de todo iso, suprímense dous estados reservados e modifícanse outros dous.

En consecuencia, en uso das facultades que ten concedidas, o Consello de Goberno do Banco de España, por proposta da Comisión Executiva, e de acordo co Consello de Estado, aprobou a presente circular, que contén as seguintes normas:

Norma primeira. *No anexo IX suprímese o romano VI e dáselles nova redacción ao romano V e aos parágrafos 42 e 43, que quedan co seguinte texto:*

«V. DISPOSICIÓN RELATIVAS AO REAL DECRETO LEI 2/2012 E Á LEI 8/2012

42. De acordo co previsto no artigo 1 da Lei 8/2012, do 30 de outubro, sobre saneamento e venda dos activos inmobiliarios do sector financeiro, e sen prexuízo dos números precedentes deste anexo, o saldo remanente das coberturas constituídas sobre financiamentos relacionados co solo para promoción inmobiliaria e coas construcións ou promocións inmobiliarias, correspondentes a negocios en España, clasificadas como risco normal en 31 de decembro de 2011, deberá asignarse a aqueles activos que o Banco de España determine.

O saldo remanente corresponderase co importe non utilizado en 31 de decembro de 2013 na constitución de coberturas específicas, que resultasen necesarias como consecuencia de reclasificacións posteriores como activos dubidosos, subestándar ou da adxudicación ou recepción de activos en pagamento de débedas, dos financiamentos sobre os cales foron orixinalmente constituídas.

43. Con carácter previo á formulación de contas para o exercicio 2013 e, en todo caso, antes do 28 de febreiro de 2014, as entidades presentarán ao Banco de España un informe cun detalle do importe constituído para a cobertura dos riscos normais a que se refire o punto anterior, e dos importes utilizados en 31 de decembro de 2013, así como unha análise pola cal o remanente non utilizado responde a riscos que, en 31 de decembro de 2013, cumpren os requisitos para a súa cualificación como «riscos normais» definida neste anexo. Na conta de resultados de 2013, o saldo remanente aboarase como recuperación das coberturas realizadas e non utilizadas; e, simultaneamente, cargarase por, polo menos, idéntico importe para a cobertura ou o saneamento de:

a) Activos financeiros cualificados como dubidosos e activos inmobiliarios para os cales sexa necesaria unha cobertura superior ás mínimas a que se refire este anexo, por razóns tales como as debidas a unha deterioración superior á estimada na capacidade de pagamento do prestameiro, ao valor estimado dos dereitos reais recibidos en garantía respecto da súa situación de mercado, incluídos o custo e o prazo para recuperar a liquidez, ou calquera outra circunstancia que evidencie que, coa información pública dispoñible en 31 de decembro de 2013, a entidade non recuperará a totalidade dos importes recoñecidos no balance.

b) Activos financeiros relacionados con investimentos en instrumentos de capital non negociados en mercados activos de compañías cuxo negocio máis relevante estea vinculado, directa ou indirectamente, co sector inmobiliario, e nos cales as estimacións de deterioración dos seus activos inmobiliarios poidan non corresponderse con estimacións de mercado, ou non se considerase a necesaria variabilidade ou risco de que o prezo de venda, os custos e os prazos de construción sexan distintos aos importes e tempos esperados, de acordo coas informacións públicas dispoñibles en 31 de decembro de 2013.

Con carácter previo ao seu rexistro, as entidades presentarán ao Banco de España un detalle dos activos e importes a que se refiren as alíneas anteriores. As coberturas constituídas como consecuencia desta circular consideraranse mínimas para os activos a que se refire a alínea a) anterior mentres permanezan na categoría de dubidosos ou adquiridos en pagamento de débedas.»

Norma segunda. *Suprímense:*

1. A liña 1.1.3 no estado T-10-3 e no estado C-6-3.
2. Os estados T-17-3 e C-19-3.

Disposición transitoria.

Os estados T-17-3 e C-19-3 correspondentes en 31 de decembro de 2013 remitiranse ao Banco de España, antes do 28 de febreiro de 2014, sen ter en conta a aplicación do saldo remanente a que se refire a norma primeira desta circular.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor.*

Esta circular entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 31 de xaneiro de 2014.–O gobernador do Banco de España, Luis María Linde de Castro.